

Acta da Comisión Permanente do día 8 de maio de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 06/02/2019.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 06/02/2019.
- III. Orzamento do exercicio 2019.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 06 minutos, no Despacho de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía xa que a Sala de Xuntas estaba ocupada, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se trata o único punto na orde do día:

- **Aprobación, se procede, do orzamento da Escola para o exercicio 2019.**

A Directora cede a palabra a D. David Patiño, Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos, que comenta que a proposta de orzamento (Anexo III) foi elaborada coa axuda da administradora do centro Da. Ana María Cacheiro Seguí. Aclara que está baseada nos gastos realizados no ano anterior e constitúe o punto de partida para o funcionamento anual, posto que ao longo do ano pódense facer traspasos entre partidas. Explica que neste ano houbo unha redución do 5% no presuposto do centro, o que repercutiu no importe asignado a partida *Subministracións docentes*, que se reparte entre las áreas, e lembra cal é o procedemento de reparto, cun mínimo asignado e o resto en función do alumnado das materias impartidas. Por último comenta que tanto o orzamento como as execucións trimestrais poderanse consultar na web do centro: <http://minasyenergia.uvigo.es/es/>.

A Comisión Permanente aproba por asentimento o orzamento da Escola para o exercicio 2019. Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a oito de maio de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 08/05/2019

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 08/05/2019

Asistentes á Comisión Permanente do 8 de maio de 2019
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
David Patiño Vilas
Profesorado
Alfonso Mandado Vázquez
Pablo Eguía Oller
ESTUDANTES
Laura Andrés Herguedas
Daniel Pernas Rodríguez
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Excusan a súa ausencia: María del Carmen Pérez Pérez e María Mayte Marcote Pereira

ANEXO III

Orzamento do exercicio 2019